

## ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

LOGO DE VER os expediente correspondente á aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2022 e que conforme ao previsto no artigo 223.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a rendición da conta xeral ao Tribunal de Contas debe ter lugar antes do 15 de outubro de cada ano, polo que non procede demorar a súa aprobación e remisión ata o seguinte pleno ordinario previsto para o derradeiro xoves do mes de novembro.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023. E que o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro permite a celebración de sesións extraordinarias que non cumpran coa periodicidade das sesións ordinarias fixadas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e tendo en conta a necesidade de proceder a aprobar os citados asuntos no prazo mais breve posible non sendo posible a súa demora para o seguinte pleno ordinario. Considerando polo tanto non cabe a demora de tales asuntos para o seguinte pleno ordinario con esta data RESOLVO:

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 30/10/2023

Hora: 09:30 h. a 1.ª convocatoria e ás 09:30 h. a 2.ª, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

## I PARTE RESOLUTORIA

1.-Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio económico 2022.

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.gov.es/portal/abrir-sede>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Orosu asinado dixitalmente polo Secretario do Concello.  
Federico Suárez Canelo.